

Novas prácticas literarias no ciberespazo: tensión, impugnación e distanciamento das formas tradicionais

María José Sabo

[Recibido, xullo 2011; aceptado, outubro 2011]

RESUMO O artigo toma como obxecto de reflexión as prácticas ciberliterarias de sete escritores arxentinos blogueiros. Indágase especialmente no espazo do blog como lugar virtual que reflicte a complexa transición e reacomodación de prácticas culturais que, tradicionalmente arraigadas en formatos convencionais, van desprazándose nestas últimas décadas cara a novos soportes dixitais, desafiando así as maneiras institucionalizadas de concibir a experiencia literaria. Este momento marca unha convivencia tensa entre as novas prácticas literarias e aquelas de raizame modernista que sobreviven con forza e lexitimidade. Abordaremos este espazo de transicións dende o horizonte crítico de Benjamin, o cal nos permite pensar de que forma os cambios nos dispositivos tecnolóxicos de produción cultural inciden tamén nunha transformación do propio obxecto estético, do seu público receptor e do sistema de valores no que se integra.

PALABRAS CHAVE: blogs, nova experiencia literaria, novos soportes dixitais, tensión.

ABSTRACT The article takes as an object of reflection the cyberliterary practices of seven Argentine bloggers. It explores, in particular, the blog space as a virtual place that shows the complex transition and rearrangement of cultural practices that, traditionally rooted in conventional formats, are moving in recent decades to the new digital media, thereby challenging the institutionalized ways of thinking about the literary experience. This moment marks a tense coexistence between the new literacy practices and those of modernist tradition that still survives with power and legitimacy. We will cover this transition from Benjamin's critical horizon, which allows us to think about how changes in cultural production technology devices also affect a transformation of the aesthetic object itself, its target public and the value system that integrated.

KEYWORDS: blogs, new digital media, new literary experience, tension.

No puedo escribir de la misma manera que *Ciro Alegría* escribe *El mundo es ancho y ajeno*; no puedo escribir de la misma manera que *García Márquez* escribió *El otoño del patriarca*, ni que *Vargas Llosa* escribe *La fiesta del chivo* (...) No es la pretensión de cortar con los

antepasados como programa de vanguardia sino que me parece que muchos de mis colegas narradores latinoamericanos hemos crecido en parte en el mundo audiovisual y en el digital (...) Toda nuestra generación está impactada por esa presencia, o esa omnipresencia, de los medios audiovisuales, y de una narración que es plano-contraplano, con cierta vertiginosidad, con cierta síntesis que ya de por sí es grotesca (...) De la conjunción de lo intrínsecamente literario y de la digestión de esa omnipresencia de lo audiovisual y lo informático provendría buena parte de esta nueva narrativa

(Entrevista con Rafael Courtoisie, 2007)

Achegarnos á literatura das últimas décadas é tamén adentrarnos nun escenario de profundas transformacións onde o impacto dos novos medios audiovisuais e comunicativos, das novas tecnoloxías integradas ás formas de produción artística, instalaron unha zona de profunda desestabilización dos códigos tradicionais que sustentaron a experiencia estética e literaria durante boa parte do século XX. Como expresan as palabras do escritor uruguaio Rafael Courtoisie que encabezan este traballo, reina unha percepción de que certa forma de escribir, pero tamén de ler, xa non pode sosterse neste novo escenario, unha sensación de que algo cambiou radicalmente e que non sería imaxinábel unha volta a aquilo que comeza a configurarse xa como un pasado distante.

266

Estamos fronte a un proceso en pleno desenvolvemento cara a cada vez unha maior intensificación, onde a conxunción do estético/literario coas posibilidades que brinda o novo ciberespazo manipularon dende o propio acto de escribir literatura até os circuitos de distribución e as formas de consumila; non podemos deixar de dar conta da emerxencia de blogs de escritores, de blogs de traducións literarias e tamén de comunidades de lectores que comparten as súas lecturas no ciberespazo, até a aparición de libros dixitalizados e novas formas de producir arquivo e almacenamento de cultura, a aparición de produtos culturais construídos integramente a partir dun ordenador (*e-poetry*, *blognovela*, etc.), a aparición de novas formas de circulación da literatura a través de portais e revistas literarias na web e unha cada vez maior mestura entre palabra e imaxe ou outros materiais audiovisuais e un longo etcétera que nos fala dunha enorme cantidade de novas prácticas e posibilidades de relación coa arte e a literatura que emerxen enlazadas coa novas tecnoloxías, especialmente internet e os soportes de ordenador.

O que se transformou é a propia experiencia do suxeito coa literatura, unha experiencia que comeza a estar mediada por novas formas de virtualidade e representación que rapidamente desarmen os vínculos tradicionais sobre

os que se sustentaba a institución literaria de filiación modernista: as novas tecnoloxías furan as formas de autoridade e autoría, piares da literatura moderna, reavivan –dende outra mirada– os vellos cuestionamentos arredor do estatuto do literario e o lugar da arte na sociedade, desarman as coordenadas de tempo e espazo en relación á produción e experimentación artística volvéndoas maleábeis, institúen un sistema de valores á marxe das institucións académicas e críticas que até o momento dominaban a hexemonía do dicíbel dentro do discurso cultural.

Neste sentido, interézanos reflexionar sobre os cambios que vive a literatura desta fin de século, a partir do impacto das novas tecnoloxías, poñendo en evidencia os puntos de tensión que están dando conta tanto dun desprazamento como dunha coexistencia conflitiva das antigas formas de experiencia literaria e das emerxentes.

Para isto focalizaremos a análise en sete blogs de escritores arxentinos, tanto escritores consolidados dentro do campo literario coma escritores novos, pertencentes ao que se denominou *La Joven Guardia* ou cuxa literatura se produce dende unha aposta estética ao rexionalismo intimista e formas de escrita distanciadas das matrices escriturais canónicas na Arxentina. Estes blogs son: *borderlinecarlito* (Carlos Busqued), *ponteunaoveja* (de Diego Vigna), *viviendoenacapulco* (de Luciano Lamberti), *elcuranderodelamor* (de Washington Cucurto), *elcocinerosavaje3* (de Juan Terranova), *linkillo* (de Daniel Link) e *laavidadeunavaca* (de Juan Pablo Meneses).

A hipótese de lectura que nos orienta na aproximación ao corpus estímúlanos a ler estes blogs como un espazo no que se poñen en tensión as formas e códigos do quefacer literario tradicional, que toma lugar fóra do ciberespazo, en relación a prácticas emerxentes ligadas ás novas tecnoloxías. Esta tensión falaríanos dun proceso de reinstalación que busca suturar a inadecuación, segundo Benjamin, entre a nova experiencia estética e os antigos e caducos medios de produción artística que xa non lograrían transmitir nin esgotar os sentidos culturais emanados dende un estadio máis complexo do social (cfr. Benjamin, 1973).

Así, situaríamonos ante un proceso complexo no que as antigas formas de experiencia se van desprazando cara aos novos territorios virtuais sen abandonar completamente os circuítos establecidos polas institucións e redes de

producción tradicionais. Deste xeito, atopamos unha coexistencia conflitiva entre as prácticas que responden a estes novos dispositivos tecnolóxicos e prácticas que, por outra banda, continúan reforzando os códigos dunha experiencia literaria de raíz modernista.

Desta maneira, se nalgúns compoñentes destas novas producións encontramos sinais dun constante distanciamento e desautorización respecto aos convencionalismos literarios e culturais, ao mesmo tempo podemos rastrexar acenos de ligazón coas formas máis lexítimas e institucionalizadas. Así, nos blogs que abordaremos, desartéllanse, dende unha apelación á parodia que as torna inoperantes, as categorías de *autor*, *lector*, *libro*, como tamén unha idea de literatura en tanto o *sublime* ou *alta cultura*, xogando a un desdebuxamento das dicotomías nucleares na axenda de discusións da crítica como literatura/vida, ficción/representación/realidade, calidade/mal gusto. Pero, por outra parte, estes blogs tamén se nos presentan como un espazo que reforza estes elementos que simula desarmar: en moitos deles reaparece con forza a figura do autor e o elemento biográfico; noutros, o blog mudou en plataforma dende a cal o autor reactualiza, fronte ao lector virtual, a bagaxe das súas obras escritas, dixitalizando algúns dos seus libros ou artigos, “posteando” lecturas críticas das súas obras que aparecesen noutros medios, nunha especie de autoxestión na que o propio autor performativiza perante o lector a súa propia autoridade como escritor. Este é o caso do blog *lavidadeunavaca* de Juan Pablo Meneses e de *linkillo* de Daniel Link.

268

Pero atopamos así mesmo escritores que, ao tempo que escriben para o blog, publican libros, redactan crítica doutros autores, gañan premios e son estudados dende a academia, isto é, están inmersos nese círculo literario e nese sistema de valores que eles desacreditan dende o espazo virtual.

Estamos a nos referir a esa experiencia que Jameson denominaba “esquizofrénica”; ese soster e deslexitimar, asemade, un determinado status do literario, que ten que ver cun habitar dos espazos en mutua tensión.

Algunas reflexións previas

A partir do suxerido, interézanos enriquecer a reflexión, posicionándonos na ollada de Benjamin, para vincular o cambio tecnolóxico coa idea dunha

transformación na experiencia que o suxeito ten do literario nun momento dado. As teorizacións de Walter Benjamin bríndannos un marco amplo dende o cal volver mirar esta fin de século dende o proceso crucial do desenvolvemento tecnolóxico que cambiou radicalmente o horizonte do vivíbel, o pensábel e experimentábel e que instaurou o espazo da virtualidade como novo lugar de produción de sentidos socialmente codificábeis.

Se ben Benjamin centra o seu pensamento no cambio tecnolóxico de principios de século XX, especialmente a relación entre o cinema e a conformación das *masas*, as novas formas de reproducibilidade da arte que iso instaura e a conseguinte perda da *aura*, na base da súa reflexión coloca unha pregunta que nos é crucial tamén para pensar a nosa propia contemporaneidade: Benjamin fórmulase decote o camiño polo que un proceso se converte en artístico. A resposta atópaa no feito de que nos indica que o central é mirar a arte dende as súas condicións de produción, dende as tecnoloxías que o producen xa que esta forma parte integral da experiencia estética. Porque a tecnoloxía imbricada tanto nas formas de producir como recibir a arte deixa a súa pegada no obxecto estético. Non podemos experimentar o obxecto se non é simultaneamente unha experiencia do dispositivo tecnolóxico.

269

Benjamin observa que o elemento tecnolóxico chega mesmo a modificar o corpo do suxeito, e xa que logo, a relación deste co mundo. Poderíamos poñer o exemplo de como o cinema construíu imaxes que nunca antes os nosos ollos puideran ver: unha pinga de auga caendo a cámara lenta ou unha filmación *en reverse*, fenómenos que non posuían existencia real e que pasan agora a ser parte do horizonte do “real” no sentido de cotián e naturalizado. A sensibilidade ante o mundo cambia de vez porque a nosa capacidade *sensorial* se vai acomodando historicamente co desenvolvemento tecnolóxico e cos medios de produción. Do mesmo xeito, tanto no cinema como na fotografía, Benjamin detecta outro cambio no corpo en relación á produción estética e a como a cámara despraza a produción da arte dende a man cara ao ollo fetichizando a imaxe.

Desta maneira, o que nos interesa tomar das reflexións de Benjamin é esa posibilidade que nos dá de vincular o tecnolóxico, o cal moitas veces quedou fóra das reflexións estéticas por se considerar elemento esóxeno ao fenómeno, coas transformacións nos modos subxectivos e sociais de experiencia que comezan a formar parte tanto do corporal como do que se percibe como real.

Sáímos así do modelo marxista de Arnold Hauser, o cal, constituíu durante moito tempo o modelo hexemónico da análise literaria sociolóxica, a partir da cal os cambios na arte son explicados como reflexos dos conflitos estruturais. Fronte a eles entón, a arte viría cargada dun mandato de resolución a nivel supraestrutural.

Pola contra, Benjamin permítenos achegarnos a ese momento de tensión e desprazamento no cal as novas modalidades tecnolóxicas comezan a impoñer unha experiencia nova do obxecto artístico nun estado da cultura no que aínda persisten as formas tradicionais, xerando unha inadecuación entre ambos que se vive como malestar ou incerteza.

Este malestar no que conviven formas, espazos e prácticas novas que propugnan lexitimarse, canda códigos que comezan a se percibir caducos pero que aínda funcionan xerando valores e impoñendo un sentido, podemos recollelo na experiencia dislocada e fragmentada destes autores que conforman o noso corpus.

270

Ante a persistente pregunta que atravesas decontino estas novas formas do literario no ciberespazo, son ou non son literatura estas producións?, Benjamin parece advertirnos do seu sentido da cuestión: non ten importancia preguntarnos se unha blognovela ou unha *e-poetry* son literatura, preguntémonos mellor en que medida o ordenador e a blogosfera cambiaron o propio concepto, condición e forma do *literario*.

A nova experiencia literaria no ciberespazo: lugar de tensións

Como sinalamos xa, este corpus de blogs que seleccionamos pertence a escritores arxentinos da década dos noventa, cuxa obra logrou obter recoñecemento principalmente durante a década do 2000. Trátase de autores que se atopan ou nunha posición central no campo literario, como Daniel Link, ou emerxente; autores novos, entre vinte e cinco e trinta e cinco anos, cuxa proposta estética tenta romper coa omnipresenza da figura de Borges e a literatura conceptual, buscando unha escrita sen grandes pretensións de ruptura ou experimentación, máis ben intimista e rexionalista.

O que nos chama a atención nestes blogs é que, dentro do cuantioso arquivo virtual que ostentan –na medida que son blogs que estiveron activos

dende o ano 2006 e mesmo algúns dende 2004– atopemos unha serie de elementos que aparecen moi notoriamente reiterados na maioría deles; elementos que teñen que ver co humor, o afouto e os medios de comunicación de masas que abren un espazo de *pastiche* onde é posíbel a conxunción de produtos culturais diversos, incluso daqueles catalogados como *kitsch*, “reciclados e incorporados como códigos del discurso artístico” (Montoya, 2007: 887).

Nestes blogs a apelación insistente a un rexistro de afouteza ten unha estreita vinculación cun constante uso da parodia que lexitima o afastamento de certa visión disfórica do mundo social da fin de século, unha sociedade que é vista como conservadora, decadente e hipócrita. Nesta medida, os blogs tamén se orientan a unha desacreditación e caricatura da literatura concibida como produto excelso desa sociedade, é dicir, desarmando a idea dunha literatura como expresión de alta cultura.

Hai así unha busca de impugnación do universo da alta cultura que se leva a cabo dende o ciberespazo. O humor constante, a linguaxe vulgar e basta, a incorporación da linguaxe marxinal da rúa, de formas lingüísticas adolescentes ou representativas de certa capa social marxinal nunha persistente tarefa de mestura coas formas máis elaboradas da ficción literaria, perseguen unha procura de impugnación daqueles códigos tradicionais que ligan a tarefa creativa literaria cunha idea da sublimación, da calidade e do bo gusto.

Nos blogs de Luciano Lamberti, Diego Vigna e Carlos Busqued atopamos unha incorporación tenaz do mundo dos medios audiovisuais, nomeadamente a televisión, ao horizonte do ficcional. Porén, non se toma calquera elemento da televisión; claramente, a selección de material posteadado polos escritores oriéntase plenamente a unha televisión lixo, grotesca, cara ao mundo da sordidez dos telexornais e a ridiculización das persoas. “Niño chileno con cabeza de pan dulce”, “Murió el cachorro fumador”, “Sigue grave el joven al que unos amigos le introdujeron aire a presión por el ano”, “Encuentran un teléfono móvil en el recto de una mujer”, “Murieron electrocutados seis elefantes ebrios”, entre moitos outros títulos e entradas, son algúns elementos/noticias posteadados por estes escritores, acompañados dunha filmación de mala calidade, dunha fotografía, materiais extraídos de youtube, “rarezas” que circulan pola rede e que abren lugar para os comentarios de dobre sentido e para chistes.

Deste xeito, o espazo do blog parece mergullarse de cheo na area do carnavalesco onde a risa non agocha o grotesco senón que o acrecenta. As fotografías que se incorporan ao blog ou as notas que se van subindo ao arquivo reforzan esta mesma percepción dun mundo carnavalesco ou circense, chegando a se asemellar a unha feira de curiosidades.

Nesta mesma liña estética que traballan os blogs, Busqued explora amplamente a metáfora do mutante. O seu propio pseudónimo é “Fofolfi, el niño abominable” e reitérase o sema na apelación aos materiais relacionados con malformacións do corpo, o *under*, os casos estraños que xeran un relouco sen disimulos.

O espazo virtual preséntasenos como espazo que desborda a experiencia “puramente literaria” tal como viña sendo concibida polos circuítos máis conservadores da cultura, integrando como parte desa experiencia unha diversidade de materiais e formatos non pensada anteriormente, feito que, por outra parte, ten que ver coa posibilidade dunha maior laxitude de fronteiras e liberdade de xogo que outorga o ciberespazo, mesmo pola súa propia (pseudo)autonomía das institucións de “control”, xa sexa a crítica, a pedagogía, a academia.

272

O literario é *arrincado* das bibliotecas e embarrado con eses materiais que parecen emerxer dun “baixo mundo” latente. A sensación de decadentismo imprégnao todo, invertindo incluso as dicotomías de ficción e realidade. Neste ciberespazo “o real”, extremadamente enrarecido a través da mediación virtual, preséntasenos máis ficcional que as propias obras. Así, esta estética parece querer dicirnos que sería imposible dissociar iso *real* que nos chega dende os medios masivos, que aparece desorbitado e atrofiado, do “puramente literario”. Atopamos desta maneira, un *continuum* no que o escritor nos leva dende os seus poemas máis líricos cara á sordidez dun mundo enrarecido, sen reparo ningún. E só a través deste dispositivo tecnolóxico, no que imaxe, son, movemento e palabra invaden o espazo de lectura, sería posíbel esta experiencia.

A literatura xa non é a Literatura, non é esa Literatura na que, segundo as palabras de Courtoisie que encabezan este traballo, escribían e vivían Vargas Llosa, García Márquez ou Ciro Alegría. Sería máis ben unha nova práctica, tan difícil de definir para Courtoisie, tan incerta aínda, ancorada entre a “conxunción de lo intrínsecamente literario” e “la digestión de esa omnipresencia de lo audiovisual y lo informático” (2007).

Estes blogs non só se nos ofrecen como espazo dende o cal resignificar o estatuto do literario dissociándoo das formas dunha pretendida “alta cultura”. A figura do propio escritor, o seu lugar como intelectual e a relación coa súa obra son desarticulados dende o risíbel e a parodia.

Washington Cucurto distánciase no seu blog desa aura de “escritor ben” asumindo unha pose de sorpresa ante as boas críticas que recibe de figuras tan respectábeis no campo da crítica latinoamericana como Beatriz Sarlo: “Según Beatriz, soy el narrador sumergido. Y Jaime Bayly me invitó a su programa el jueves. ¿Hasta cuándo durará esta estafa?”, se pregunta. E despois:

Pero lo mejor que me pasó ayer fue que un amigo me mostró unos largos párrafos donde la señora Beatriz Sarlo hablaba de mí en su revista Punto de Vista. Realmente no entendí nada de lo que dice sobre mis libros, pero nunca imaginé que se iban a ocupar en serio de mis cuentitos. Ahora sí que voy a empezar a escribir cualquier cosa, ya van a ver.

Cucurto búrlase da crítica literaria de raizame máis académica, afastándose da idea de escritor dotado de proxecto literario “serio” e asumindo un lugar de ignorancia, de “estar á marxe”.

273

Por outro lado, Luciano Lamberti, ridiculizando tamén o seu propio lugar de escritor, publica unha microficción no seu blog, acompañándoo dunha fotografía de si mesmo cunha bolsa na cabeza:



Pola súa banda, no blog de Juan Terranova, o lugar do escritor/intelectual parece ser invadido por un zoolóxico de animais estraños, coellos, burros, pero especialmente pola figura do rinoceronte, animal do que parecen emanar todas as palabras que lle dan forma ao blog, restándolle *auctoritas* á figura do propio escritor.

Da mesma maneira, as figuras representativas dun sentido do literario en clave solemne ou tradicional, nomes centrais no canon literario arxentino, son moitas veces motivo de burla e chiste nos blogs.

En Cucurto podemos ver a seguinte imaxe:



Onde o dobre sentido sexual, as alusións ao mundo das *bailantas*, á temática dos “negros”, tan propia da súa escrita, desarma a solemnidade dun Borges que parece descolocado en relación ao exuberante peito da muller que o sostén e que parece ter que decidir qué tradición literaria prefire. Claro que aquí tamén a elección entre Borges, o canónico, e Cucurto, o emerxente,

xa non segue os parámetros estritamente literarios, senón que ten que ver cun “pracer” suxestivo mesmo da orde do sexual.

Pola súa parte, Carlos Busqued reacciona ante unha crítica que Fogwill lle fixo á súa novela acabada de publicar pola editorial Anagrama, *Bajo este sol tremendo*, en termos marcadamente iconoclastas:

epa. vaya desde aquí mi total agradecimiento al señor fogwill por mencionar la novela e incluso, mejorarle el título. Si llego a cobrar un mango más de ahí (ya me hice recargar lo que buenamente me pagaron), los tragos y las putas corren a mi cargo.

Notemos a falta de distancia con este escritor central no canon literario arxentino, a desautorización da súa crítica, até incluso o pequeno detalle de escribir o seu apelido en minúsculas.

Pero tamén o lugar do lector se ve desdebuxado nos blogs, máis próximo ao dunha amizade de facebook que cos seus comentarios lles dá colorido aos temas e elementos posteados, que ao lector “in fabula”, lector distante, idealizado, descoñecido que vive da man do libro impreso. No blog de Cucurto podemos atopar comentarios dos lectores que se inscriben por completo na vulgaridade, na extrema confianza:

Anónimo dijo... Cucu sos lo mas, me lei parte de tu libro de paradita en yenny y me re inspiraste la etica sincera de la trampa asi que a la nochesita cuando terminé de lavar los platos pire un ratito dizque a devolver unos dvs y a comprar helado pero aproveche para irme a la plaza para matarme a los besos con el negro de mi vida que le da sentido a latir de mi corazón!!! “ y ” Juana Puana dijo... Sos un chongo divino Cucu. ¡Te queremos! ¡Enjuaganos el duodeno a todas!!

Así, estes autores distáncianse do lugar letrado da cultura, renegan de calquera filiación posíbel con ese “misticismo” ou esa gravidade que lle dá hábito a gran parte da práctica literaria fóra do mundo virtual, derrubando os cimentos do “intrínsecamente literario” (Courtoisie, 2007): literatura, ficción, realidade, escritor e lector na súa conceptualización tradicional son categorías postas en constante tensión.

¹ Erros ortográficos e locucións corresponden ao orixinal.

Porén, seguindo a nosa hipótese de lectura, observamos unha tensa coexistencia nestas novas formas da experiencia estética, as cales por un lado abren un novo espazo de práctica literaria dende o cal se desarman constantemente os códigos tradicionais historicamente dominantes da teoría literaria, pero, por outro, tamén constitúen instancias de reafirmación destes mesmos elementos, dando lugar así a unha forma esquizofrénica de habitar o tránsito de determinadas formas tecnolóxicas que comezan a sentirse desbordadas, limitadas o inadecuadas (o libro impreso) cara a outras.

Así, nestes blogs tamén atopamos a reutilización do espazo virtual para a dixitalización da obra impresa en formato papel, a cal se “exhibe” ante o lector como unha folla de vida que pon en escena a autoridade do escritor. Así, tanto o blog de Daniel Link como o de Juan Pablo Meneses se transformaron en espazos virtuais maioritariamente dedicados a esta función que poderíamos denominar *performativa*, na medida en que o escritor teatraliza unha autoridade da que simula prescindir, a partir tanto da posta en xogo da súa produción ficcional e ensaística “seria”, publicada nos circuítos máis tradicionais, como tamén e moi importante, posteando artigos críticos dedicados á súa obra que aparecesen en distintos medios. Os blogs posúen unha cantidade extraordinaria de enlaces deste tipo ofrecidos ao lector.

276

Así, non é o escritor o que debe investir a súa enerxía en convencer o seu lector nin da calidade das súas obras, nin da súa posición no campo, nin dar coñecemento dos seus premios, senón que se lles deixa esa tarefa aos enlaces, ás voces pertencentes á faceta institucionalizada da literatura, incorporándose ao blog, mentres que o escritor pode seguir sostendo un lugar de xogo, humor e distancia desa solemnidade requirida en toda autoxestión dun lugar dentro do campo. Nun mesmo blog encontramos estes dous espazos completamente diferentes, respondendo a sistemas de valores tamén distintos: por un lado, segundo Daniel Link, o lugar do “axitador” porque, “en todo caso, la ventaja de un blog respecto a otros medios [...] es que uno puede agitarse como loco sin tener que responder a compromisos ajenos (espurios)” (Link, 2010: 24), e, por outro, o lugar da escrita no seu sentido máis tradicional de alta cultura.

Observamos tamén o emprego doutras formas escriturais e performativas que tenden a alimentar a centralidade da figura de escritor: a incorporación do xénero do diario íntimo e a grande importancia que adquire a exposición da

“súa biblioteca”, é dicir, a oferta de enlaces cara a outros blogs de escritores que podería remitirnos a un sentido de comunidade ou de xeración.

Así, o blog é unha posta en discurso do desdoblamento experiencial do escritor paseante de dous mundos: nel hai unha construción ou representación da identidade dese eu que escribe ás veces dende fóra da *República das letras*, ás veces dende dentro. Por un lado, retomando as palabras de Link, o escritor represéntase como *axitador*, entregado a unha sordidez na cal reina o descrimento no carácter sublime e sublimatorio da literatura, un axitador desbordado e atravesado pola omnipresenza da imaxe sen filtrar que ameaza con engulilo todo ao seu redor, un habitante habitado polo mundo decadente que proxecta a imaxe.

Pero, por outra parte, o escritor represéntase a si mesmo como *autor*; resgardando o seu paraíso de autoridade fronte ao lector, practicando a literatura dende un lugar enunciativo que se coaliga co canon, coa crítica e coa comunidade doutros escritores. Un autor que, no propio acto de conservar a súa obra dixitalizándoa, se asegura que o paso dun dispositivo tecnolóxico a outro non derivará nunha perda, cargándoa de enlaces, mergullándoa nunha rede de crítica que funciona dentro do blog como aquel “lector lexítimo” da obra e nos evidencia unha vontade de salvagardar a tradicional transcendencia á que aspira o literario en sentido máis tradicional.

Emerxe así un espazo entre varios espazos no que a experiencia literaria se constrúe dende o xogo sen regras claras, onde a escritura literaria se mestura con formas de *kitsch*, dende o refugallo, o descrimento, o desencanto e o inconformismo, pero tamén dende o sostemento dun lugar social específico para a ficción, a obra e do escritor.

Unha obra paradigmática desta tensa experiencia do lugar de tránsito da literatura de principios do noso século é *El libro flotante de Caytran Dölpfin* do escritor ecuatoriano Leonardo Valencia. Unha obra que foi publicada no formato tradicional de libro no ano 2006 na editorial Funambulista, pero que continuou con vida propia no ciberespazo. Alí, a novela é permanentemente reescrita polos lectores virtuais que a amplían, completan e “distorsionan” coas súas achegas fragmentarias. Os lectores fortuítos poden deformar deliberadamente o acontecer ficcional, xa que esta é unha das opcións que ofrece a blognovela, canda a posibilidade de realizar comentarios e continuar a

historia. Desta forma, a “obra” orixinal se ve expandida decontino nunha cantidade insospitada de posibilidades.

A súa singularidade radica nesa coexistencia de ambas en dispositivos e espazos diferentes, convocando prácticas de escritura e lectura e un sistema de valores tamén diferentes e até enfrontados; unha obra ancorada no circuíto convencional fóra da virtualidade da rede e outra mergullada no mundo “flotante”, como o seu propio título presaxia, fragmentario e extremadamente interactivo do blog. As preguntas que deseguida nos xorden —Cal das dúas é “a obra”? É unha máis “literaria” que a outra? O autor dunha tamén o é da outra?— están erroneamente concibidas dende un marco convencional que non alcanza a dar conta do impacto das novas tecnoloxías.

Volvamos entón, para finalizar, á pregunta aínda en suspenso que presentabamos ao comezo: en que medida esta transformación dos dispositivos tecnolóxicos na produción literaria está cambiando o concepto, a condición e a forma de experimentar *o literario*. En que medida ese cambio é tamén un malestar e unha desorientación produtiva...

278

María José Sabo

Universidade de Santiago de Compostela

Universidade Nacional de Córdoba

CONICET.

Bibliografía

- Benjamin, Walter [1936]. 1973. *La obra de arte en la época de su reproductibilidad técnica*. Madrid: Taurus. <http://www.jacquesderrida.com.ar/restos/benjamin_arte.htm>
- Brown, Andrew. 2007. “Tecnoescritura: literatura y tecnología en América Latina”, en *Revista Iberoamericana*, nº 221, pp. 801-813.
- Cuadra, Álvaro. 2007. “La obra de arte en la época de su hiperreproducibilidad digital” <www.cibersociedad.net/archivo/articulo.php?art=227> [Consulta: 09/08/2011].
- Klinger, Diana. 2008. “A arte murmurada ao redor do fogo. (Um mapa possível da narrativa latino-americana do presente)”, en *Revista Grumo*, pp.12-20.

Link, Daniel. 2010. “Faits divers. Genio y figura de un blogger”, en *Revista Otra Parte*, n° 20, pp. 23-27.

Meneses, Juan Pablo. 2005. *La vida de una vaca*. Bos Aires: Planeta / Seix Barral.

Montoya Juárez, Jesús. 2007. “Ni apocalípticos ni integrados: medios audiovisuales en tres narradores del sur de América”, en *Revista Iberoamericana*, n° 221, pp. 887-904.

Mora, Vicente Luis. 2009. “Letras sin imprenta. Ciberliteratura, *blogs*, narrativas *cross-media*”, en *Literatura y Bellas Artes* (coord. Francisco Rico Manrique, Jordi Gracia, Antonio Bonet). Madrid: Biblioteca Nueva, pp. 313-356.

Blogs consultados de escritores argentinos:

Carlos Busqued: <http://borderlinecarlito.blogspot.com/2009_08_01_archive.html>

Daniel Link: <<http://linkillo.blogspot.com/2005/01/por-qu-empezaste-llevar-un-blog.html>>

Diego Vigna: <http://ponteunaoveja.blogspot.com/2010_09_01_archive.html>

Luciano Lamberti: <<http://viviendoenacapulco.blogspot.com/>>

Washington Cucurto: <<http://www.elcuranderodelamor.blogspot.com/>>

Juan Pablo Meneses: <<http://lavidadeunavaca.blogspot.com/>>

Juan Terranova: <http://elcocinerosalvaje3.blogspot.com/2006_11_01_archive.html>

Blognovela de Eduardo Valencia: <<http://www.libroflotante.net/>>